

INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN RÉXIME MODULAR A DISTANCIA

1.- QUE NECESITO TER CLARO

- Da oferta de módulos de CS DAW a distancia, uns pertencen ao 1º curso e outros a 2º. Podes consultar esa distribución aquí: <https://www.cifprodolfoucha.es/informatica-e-comunicacions/cs-desenvolvemento-de-aplicacions-web-a-distancia/>
- Nos módulos de 2º, presupóñense certos coñecementos que se adquiren nos módulos de 1º. Debedes de telo en conta á hora de vos matricular.
- Malia o dito no punto anterior, podésvos matricular dos módulos que queirades e nesta modalidade “a distancia” non existe a promoción de 1º a 2º.
- De CS Xestión de Vendas e Espazos Comerciais só se ofertan módulos de 2º.
- Os módulos nos que vos matriculedes impártense simultaneamente durante todo o curso. Non se imparten secuencialmente.
- Coma en calquera outro réxime ou modalidade, para validar módulos hai que se matricular previamente neles e logo solicitar a validación.

2.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

PRAZO:

Do xoves 23 de xuño ás 9:00h deica o martes 5 de xullo ás 13:00h

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

1. Cumprir os requisitos de acceso.
2. Cubrir a solicitude por ordenador en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación.
 - b. Entregar a solicitude nun centro de FP se ao pé da solicitude pon “**a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...**”.
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resguardo.

ADXUDICACIÓN:

Consultar as datas das adxudicacións no calendario oficial de admisión:

http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/9753

No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao punto 3: PROCESO DE MATRICULACIÓN

MOI IMPORTANTE:

QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA QUEDARÁ EXCLUÍDO DO PROCESO DE ADMISIÓN

INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

3.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

PRAZO:

Consultar as datas de matriculación no calendario oficial de admisión

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

1. Empregando o código da solicitude de admisión, acceder e realizar a matrícula en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> (ou ben renunciar aos módulos adxudicados)
2. Facer chegar á oficina do centro **por correo certificado ou presencialmente** (A oficina permanece aberta en horario de mañá, en xullo de 9:00h a 14:00h e en agosto de 10:00h a 13:00h):
 - a. Fotocopia do DOI (DNI, NIE ou pasaporte).
 - b. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a**. O importe é de 1,12€ e o número de conta para ingresar esa cantidade é:

ES39 2080 0234 4130 4000 3005

O prazo para recibir esa documentación remata coa primeira semana do curso.

MOI IMPORTANTE:

QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA QUEDARÁ EXCLUÍDO DO PROCESO DE ADMISIÓN